

Ás familias e aos/as compoñentes dos grupos de Iniciación e Catecumenado



Estimados/as amigos/as:

Ante todo, Feliz Ano 2023! Como todos os anos temos por estas datas a **xuntanza dos grupos de catecumenado de Galicia**, será o sábado 21 de xaneiro en Santiago de Compostela.

Xa pasaron varios meses desde o Campamento de verán e a Xuntanza é unha boa oportunidade para o reencontro coas compañeiras e compañeiros doutros centros de Galicia e para facer unha valoración do que levamos camiñado como grupo. Para os que se inician nos grupos é tamén unha oportunidade para coñecer á xente dos demais grupos de Galicia.

Estas liñas teñen un dobre obxectivo: informar e facer a inscrición para participar.

Datos a ter en conta sobre a Xuntanza:

- + Día: **21 de xaneiro de 2023, sábado.**
- + Lugar: **Santiago de Compostela.**
- + Horario: Saída ás **9:00 h** (xuntámonos un pouco antes na Praza da Milagrosa) e o remate ás 18:30 h (chegada ao redor das 20:00 h).
- + Prezo: **15 €.**
- +Hai que levar: A comida do día, roupa e calzados axeitados para camiñar e para protexerse en caso de choiva.


Esperamos que respondades á invitación e vos animedes a **participar** neste encontro.

Entrega a inscrición (parte inferior desta folla) **no Centro Xuvenil Ateibo antes de rematar o mércores, día 18.**

Equipo de animadores/as de Iniciación e Catecumenado de Ateibo

En Lugo, a 11 de xaneiro de 2023.

..... cortar por aquí



Ficha de Inscrición

Eu, D./D^a. _____ como
pai/nai/ responsable de _____ dou a
autorización para que participe á *xuntanza de catecumenado*, que terá lugar o vindeiro 21 de
xaneiro de 2023 en Santiago de Compostela.

Teléfono/s de Contacto: _____

Sinatura do pai, nai ou responsable _____ Sinatura do/a interesado/a _____